

MÁSTER UNIVERSITARIO EN
FILOSOFÍA. COÑECIMIENTO E CIDADANÍA
GUÍA DOCENTE | 2025-26

FILOSOFÍA E LITERATURA

1. INFORMACIÓN BÁSICA

DESCRICIÓN

A materia ten o código P5251221. Pertence ao módulo 4 do «Máster Oficial en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía», composto por materias optativas para ambos itinerarios do máster, e é impartida durante o segundo semestre. É de 3 créditos ECTS, desglosados segundo Plan Docente Anual en: 21 h. de aulas (expositivas, 9 h.; interactivas, 12 h.; titorías de grupo, 3 h.) e 52 h. de traballo persoal da/do estudante, incluídas lecturas, estudo e realización de tarefas).

PRERREQUISITOS

Non se require ningún coñecemento previo específico, sendo os únicos a ter en conta os propios do perfil de acceso da titulación.

IMPARTICIÓN

A materia é impartida en galego. Contémplase a posibilidade de impartila noutro idioma, caso existan estudantes que non teñan un dominio da lingua que garanta un bo seguimento das sesións de traballo. Non obstante, este eventual cambio dependerá en todo caso dun consenso por parte do grupo. En calquera caso, o alumnado con limitacións lingüísticas contará cun apoio en paralelo, por medio das titorías, que asegure que o seu aproveitamento da materia poida ser o mesmo que o de calquera outro. Ao mesmo tempo, os profesores procurarán, en tal caso, que a propia materia poida contribuír á familiarización coa lingua galega, resultando este un obxectivo de aprendizaxe complementario, avalado por moi boas experiencias previas.

Complementariamente, empregaranse tamén outras linguas para a lectura de textos cos que se traballará; nomeadamente, o castellano, o portugués e o inglés.

A materia é impartida polo profesor do Departamento de Filosofía e Antropoloxía, Área de Filosofía, Oscar Parcero Oubiña (coordinador), e a profesora do Departamento de Galego (Área de Catalán, Facultade de Filoloxía) Dolors Perarnau Vidal.

O horario da materia pódese consultar, actualizado, na páxina web da Facultade de Filosofía:

<http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/index.html>

TITORÍAS

Os horarios de titorías pódense consultar, actualizados, nas respectivas páxinas web das facultades de Filosofía e de Filoloxía.

Con todo, ofréceselle ao alumnado liberdade para facer uso da titorización noutros horarios, previa cita.

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

MÓDULO FORMATIVO NO QUE SE INTEGRA A MATERIA

A materia –de carácter optativo, como xa foi dito– forma parte do Módulo de «Materias optativas xerais», ofertado no Máster a todo o alumnado matriculado, con independencia do itinerario cursado.

PAPEL DA MATERIA DENTRO DO MÓDULO

Á marxe da mera xustaposición de dúas disciplinas independentes, e tentando ir un paso máis aló (en rigor “máis acó”) do meramente interdisciplinario, procúrase suscitar unha aproximación ao texto filosófico que parta do seu recoñecemento como unha forma de literatura, superando a inxenua concepción deste como mero contendor de ideas, en favor dunha lectura que integre a súa dimensión literaria ou retórica, se se quere, en tanto que parte constituínte do propio discurso filosófico.

A partir desta cuestión, procúrase enfrontar o alumnado cunha reflexión en torno á íntima conexión da literatura coa filosofía por medio do estudo tanto das poéticas presentes en diversos momentos da filosofía como de exemplos de obras filosóficas que reflicten a

asunción desta inseparábel conexión.

A materia, en fin, asume así a tarefa de traballar no ámbito da poética –adoito marxinado nos estudos en filosofía– para reflexionar sobre os posíbeis límites que separarían (ou talvez unen?) filosofía e literatura.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

Os obxectivos da materia tradúcense na adquisición e/ou práctica das seguintes competencias:

COMPETENCIAS XERAIS E BÁSICAS

CB6 - Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.

CB8 - Que os/as estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.

CX1 - Que os/as estudantes adquiran capacidades e coñecementos para a análise crítica en relación a achegas investigadoras.

CX5 - Que os/as estudantes teñan habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestións e problemas susceptibles de seren abordados e resoltos.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

CE1 - Coñecer e comprender propostas filosóficas relacionadas cos ámbitos temáticos do máster.

CE2 - Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.

CE3 - Adquirir habilidades para a transmisión e ensinanza de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.

CE5 - Ser capaz de: analizar e sintetizar, argumentar loxicamente, formular xuízos, e deliberar conforme a criterios éticos.

CE6 - Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.

CE7 - Saber interpretar con criterio crítico medios de expresión como os baseados nas representacións icónicas, plásticas e literarias.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

CT2 - Manexar e analizar criticamente fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.

CT3 - Valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas.

4. CONTIDOS

1. O paradigma da poética aristotélica e os límites entre filosofía e literatura
2. A dilución dos límites (i): filosofía e literatura no Romantismo
3. A dilución dos límites (ii): Kierkegaard, ou a existencia como filosofía e literatura
4. A dilución dos límites (iii): as poéticas contemporáneas

5. METODOLOXÍA DA DOCENCIA

Combinaranse tres tipos de actividade:

1. Exposición, por parte dos profesores, dos contidos básicos da materia, que servirán como fundamento sobre o que desenvolver posteriormente o traballo levado a cabo en formato de seminario.
2. Análise conxunta de textos previamente indicados polos profesores. Os textos que sirvan de base para estas sesións serán organizados semanalmente e indicados coa antelación necesaria para que o alumnado poida levar a cabo a súa lectura de maneira autónoma con anterioridade á propia sesión de traballo, tomando como fundamento o marco común dos contidos previamente presentados polos profesores na parte expositiva.
3. Realización por parte de cada alumno/a dun pequeno traballo que afonde nalgunha cuestión particular de entre os contidos da materia.

6. AVALIACIÓN

A avaliación constará tamén de tres elementos, en correspondencia coa metodoloxía empregada:

1. Seguimento e asimilación dos contidos, avaliado mediante as observacións dos profesores e exercicios que serán entregados para a súa elaboración de maneira non presencial: 25%.
2. Participación nas sesións de seminario: 25%. Avaliarase tanto o compromiso e disposición de traballo como a calidade das intervencións, que reflectan o nivel de implicación nas lecturas, feitas de maneira autónoma. Mediante a observación e rexistros dos profesores.
3. Elaboración do traballo individual: 50%.

O alumnado que estea exento de asistencia, consonte a normativa da USC ao respecto, deberá poñerse en contacto co profesor coordinador para fixar os procedementos de avaliación que substitúan aqueles que teñen carácter presencial.

AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS

Seguimento e cuestionarios: CB6, CE1, CE7

Participación e intervencións nos seminarios: CB8, CE5, CE6, CE7, CT2, CT3

Presentación oral do traballo individual: CX1, CX5, CE3, CE6, CT2

Presentación escrita do traballo individual: CE1, CE2, CE6, CT2, CT3

NORMATIVAS (REQUIRIMENTO DE ORIXINALIDADE)

“Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011:

Art. 1.: “A realización fraudulenta dalgún exercicio ou proba esixida na avaliación dunha materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra o alumno infractor.

Considerarse fraudulenta, entre outras, a realización de traballos plaxiados ou obtidos de fontes accesibles ao público sen reelaboración ou reinterpretación e sen citas aos autores e das fontes”.

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

O tempo de traballo estimado para esta materia en correspondencia cos 6 créditos que ten é de 150 horas, distribuídas da seguinte maneira:

- Horas presenciais semanais: 3 horas, nun total de 9 horas de docencia expositiva e 12 horas de docencia interactiva: 21 horas en total.
- Titorías de grupo: 3 horas.

Total horas presenciais: 24

- Horas recomendadas para a lectura de textos (interactivas): 2 horas semanais.
- Horas de estudo, preparación de traballos, etc.: 5 horas semanais.

Total horas non presenciais: 51 horas

Total dedicación: 75 horas

RECOMENDACIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA

- Detectar no inicio eventuais limitacións para planificar desde un primeiro momento unha axenda de traballo que garanta un bo resultado final.
- Levar un seguimento do traballo ao día.
- Participar nas sesións expositivas e interactivas.
- Traballar cos textos encomendados seguindo as pautas indicadas.
- Utilizar o recurso das titorías para consulta de dúbidas, explicacións adicionais, etc.

7. BIBLIOGRAFÍA

Básica:

- Aristóteles, *Poética*, edición trilingüe de Valentín García Yebra, Madrid: Gredos, 1974.
- Barthes, Roland, «De la obra al texto», en *El susurro del lenguaje*, trad. C. Fernández Medrano, Barcelona: Paidós, 1987, pp. 73-82.
- Foucault, Michel, «¿Qué es un autor?», en *Obras esenciales*, Barcelona: Paidós, 1999.
- Iser, Wolfgang, «La estructura apelativa de los textos», en *Estética de la recepción*, Rainer Warning (ed.), Madrid: Visor, 1989, pp. 133-148.
- Kierkegaard, Søren, *Enten-Eller (Søren Kierkegaards Skrifter, vols. 2-3)*, Copenhague: GAD; Søren Kierkegaard Forskningscenteret, 2012 [traducción ao castellano: *O lo uno o lo otro (Escritos de Kierkegaard, vols. 2-3)*, Madrid: Trotta, 2006-2007].
- Kierkegaard, Søren, *Afsluttende uvidenskabelig Efterskrift (Søren Kierkegaards Skrifter, vol. 7)*, Copenhague: GAD; Søren Kierkegaard Forskningscenteret, 2002 [traducción ao portugués: *Pós-escrito às Migalhas filosóficas, 2 vols.*, Petrópolis: Vozes, 2013; 2016].
- Lacoue-Labarthe, Philippe; Nancy, Jean-Luc, *El absoluto literario. Teoría de la literatura del Romanticismo alemán*, Buenos Aires: Eterna cadencia, 2012.
- Parceró Oubiña, Oscar, «A literatura ante a filosofía», en Parceró Oubiña, Oscar; Perarnau Vidal, Dolors; Paula, Marcio Gimenes de (eds.), *Heterodoxias: Filosofia e literatura*, Vila Nova de Famalicão: Húmus, 2021.
- Schlegel, Friedrich, *Fragmentos*, Barcelona: Marbot, 2009.
- Sunyol, Víctor, *El buit i la novel·la*, Vic: Eumo Editorial, 1994.
- Sunyol, Víctor [Sebastià Morer], *Cap a Tirèsies. Una introducció a Eva Aguilar*, Víctor Sunyol (ed.), Barcelona: Cafè Central i Eumo Editorial, 1997.
- Sunyol, Víctor, *Birnam*, Barcelona: Labreu Edicions, 2014.

Complementaria:

- Asensi, Manuel, *Literatura y filosofía*, Madrid: Síntesis, 1995.
- Asensi, Manuel, *Historia de la teoría de la literatura* (2 vols.), Valencia: Tirant lo Blanch, 1998-2003.
- Bajtín, Mijaíl M., *Problemas de la poética de Dostoievski*, Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1986.
- Bajtín, Mijaíl M., *La cultura popular en la Edad Media y en el Renacimiento. El contexto de François Rabelais*, Madrid: Alianza, 1987.
- Bajtín, Mijaíl M., *Teoría y estética de la novela*, Madrid: Taurus, 1989.
- Bajtín, Mijaíl M., *Estética de la creación verbal*, México: Siglo XXI, 1982.
- Barthes, Roland, «La mort de l'auteur», em *Œuvres complètes*, vol. 2, París: Seuil, 1995, pp. 491-495.
- Beck, Philippe, «Logiques de l'impossibilité», en *Poétique d'Aristote*, París: Gallimard, 1996.
- Behler, Ernst, *German Romantic Literary Theory*, Cambridge: Cambridge University Press, 1993.
- Beristáin, Helena, *Diccionario de retórica y poética*, México: Porrúa, 2001.
- Blanchot, Maurice, *El espacio literario*, Madrid: Paidós, 2004.
- Blanchot, Maurice, *El libro por venir*, Madrid: Trotta, 2005.
- Blanchot, Maurice, *La parte del fuego*, Madrid: Arena libros, 2007.
- Blesa, Túa, *Logofagias. Los trazos del silencio*, Zaragoza: Annexos de Tropelías, 1998.
- Cappelørn, Niels Jørgen; Deuser, Hermann, «Perspectives in Kierkegaard Research», *Kierkegaard Studies Yearbook*, 1996, pp. 1-14.
- Cavaillé, Jean-Pierre, *Descartes: a fábula do mundo*, Lisboa: Instituto Piaget, 1996.
- Close, Anthony, *The Romantic Approach to Don Quixote*, Cambridge: Cambridge University Press, 1978.

- Derrida, Jacques, *Márgenes de la filosofía*, Madrid: Cátedra, 2008.
- Eco, Umberto, «El lector modelo», en *Lector in fabula. La cooperación interpretativa en el texto narrativo*, Barcelona: Lumen, 1993.
- Else, Gerald F., *Plato and Aristotle on Poetry*, Chapel Hill; London: University of North Carolina Press, 1986.
- Friedrich, Hugo, *Structure de la poésie moderne*, trad. Michel-François Demet, París: Librairie Générale Française, 1999.
- Garff, Joakim, «The eyes of Argus: The Point of view and Points of view on Kierkegaard's Work as an Author», *Kierkegaard. A Critical Reader*, Jonathan Rée; Jane Chamberlain (eds.), Malden: Blackwell, 1998, pp. 75-102.
- Halliwell, Stephen, *Aristotle's Poetics*, Chapel Hill: University of North Carolina Press, 1986.
- Hassan, Ihab, *The Dismemberment of Orpheus: Toward a Postmodern Literature*, Madison: University of Wisconsin Press, 1982.
- Havelock, Eric A., *Preface to Plato*, New York: Universal Library, 1967.
- Hight, Gilbert, *The Classical Tradition. Greek and Roman Influences on Western Literature*, New York: Oxford University Press, 1985.
- Iffland, James, *De fiestas y aguafiestas: risa, locura e ideología en Cervantes y Avellaneda*, Madrid: Iberoamericana, 1999.
- Jegstrup, Elsebet (ed.), *The New Kierkegaard*, Bloomington: Indiana University Press, 2004.
- Kierkegaard, Søren, *Forord (Søren Kierkegaards Skrifter, vol. 4)*, Copenhagen: GAD; Søren Kierkegaard Forskningscenteret, 2012 [tradución ao galego: *Prólogos*, Vigo: Galaxia, 2008].
- Kierkegaard, Søren, *Synspunktet for min Forfatter-Virksomhed (Søren Kierkegaards Skrifter, vol. 16)*, Copenhagen: GAD; Søren Kierkegaard Forskningscenteret, 2012

- [tradución ao inglés: *The Point of View*, Princeton: Princeton University Press, 1998].
- Lanza, Diego (ed.), *La poetica di Aristotele e la sua storia*, Pisa: ETS, 2003.
- Nancy, Jean-Luc, *Calcul du poète, en Demande. Littérature et philosophie*, París: Galilée, 2015, p. 111-141.
- Newmark, Kevin, *Irony on Occasion. From Schlegel and Kierkegaard to Derrida and de Man*, New York: Fordham University Press, 2012.
- Norris, Christopher, *The Deconstructive Turn. Essays in the Rhetoric of Philosophy*, Londres: Methuen, 1983.
- Norris, Christopher, «Ficcions of Authority: Narrative and Viewpoint in Kierkegaard's Writing» en *The Deconstructive Turn: Essays in the Rethoric of Philosophy*, Londres: Methuen & Co., 1984. pp. 85-106.
- Nun, Catalin; Stewart, Jon (eds.), *Kierkegaard's Pseudonyms (Kierkegaard Sources, Resources and Reception*, vol. 17), Farnham: Ashgate, 2015.
- Parcero Oubiña, Oscar, *Kierkegaard*, A Coruña: Baía, 2009.
- Parcero Oubiña, Oscar, «Loquere ut Videam: “ ‘Guilty?’ / ‘Not Guilty?’ ” and the Writing of Irony», en José Miranda Justo; Elisabete M. de Sousa; René Rosfort (eds.), *Kierkegaard and the Challenges of Infinitude. Philosophy and Literature in Dialogue*, Lisboa: Centro de Filosofia da Universidade de Lisboa, 2013, pp. 93-103.
- Parcero Oubiña, Oscar, «La emancipación del prólogo en la Fenomenología del Espíritu», *Anales del Seminario de Historia de la Filosofía*, vol. 33/2, 2016, pp. 561-582.
- Parcero Oubiña, Oscar, «Entre o mecanicismo e a novela da alma», en Oscar Parcero Oubiña; Martín González Fernández; Jorge Cendón Conde (eds.), *L'Homme-Machine. Filósofos, Animais e Máquinas*, Vila Nova de Famalicão: Húmus, 2019, pp. 249-275.
- Perarnau Vidal, Dolors, «El punto de vista sobre mi actividad como escritor: tan sólo un punto de vista», *Kierkegardiana*, vol. 23, 2004, pp. 95-102.
- Perarnau Vidal, Dolors, «El temps de les distincions ha passat. El sistema l'ha vençut»,

Revista Portuguesa de Filosofia, 64, 2008, pp. 291-310.

Perarnau Vidal, Dolors, «O poema sem poeta. Pseudonímias, heteronímias e anónimas na identidade kierkegaardiana», en Parcero Oubiña, Oscar; Perarnau Vidal, Dolors; Paula, Marcio Gimenes de (eds.), *Heterodoxias: Filosofia e literatura*, Vila Nova de Famalicão: Húmus, 2021.

Pérez Parejo, Ramón, *Metapoesía y crítica del lenguaje. (De la generación de los 50 a los novísimos)*, Cáceres: Universidad de Extremadura, 2002.

Poole, Roger, *Kierkegaard: The Indirect Communication*, Charlottesville: University of Virginia Press, 1993.

Poole, Roger, «Towards a Theory of Responsible Reading: How to Read and Why», *Kierkegaard Studies Yearbook*, 2002, pp. 395-442.

Schlegel, Friedrich, *Sobre el estudio de la poesía griega*, Madrid: Akal, 1996.

Schleiermacher, Friedrich D. E., *Monólogos* (edición bilingüe), Barcelona: Anthropos, 1991.

Schoentjies, Pierre, *La poética de la ironía*, Madrid: Cátedra, 2003.

Warning, Rainer (ed.), *Estética de la recepción*, Madrid: Visor, 1989.

Zambrano, María, *Filosofía y poesía*, en *Obras completas*, vol. I, Barcelona: Galaxia Gutenberg, 2015.

Zambrano, María, *La confesión: género literario y método*, en *Obras completas*, vol. II, Barcelona: Galaxia Gutenberg, 2016.